



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS

PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ELABORACIÓN DE INFORMES POR PERITO
INDEPENDENTE PARA PROXECTOS INFORMÁTICOS PRESENTADOS AO ABEIRO DA EDLP DO
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE VIGO- A GUARDA

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP)

I. CADRO DE CARACTERÍSTICAS

Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro da Ría de Vigo – A Guarda (GALP7) Enderezo: Avda. Beiramar, 49, 3º, oficina 5 (Vigo). Teléfonos: 986358109 / 646873106 Correo electrónico: galp.mar.riadevigoaguarda@xunta.gal CIF: G-94000510	
Órgano de contratación	Presidencia do GALP Ría de Vigo -A Guarda
Responsable do contrato	María Elena Herbello Puentes. Xerente do GALP7
Publicación da oferta	https://galp.xunta.gal/ria-de-vigo-a-guarda/licitacions
Referencia do Expediente	GALP7/2024/001
Obxecto do contrato	Prestación do servizo de “ Elaboración de informes por perito independente para proxectos informáticos presentados ao abeiro da EDLP do GALP7 ” como entidade sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).
Tipo de contrato	Contrato de Servizo
Tramitación	☒ Ordinaria ☐ Urxente
Contrato suxeito a regulación	☐ Si



harmonizada	☒ Non
Procedemento (segundo a Instrución 1/2023 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, dispoñible en: https://galp.xunta.gal/licitacions)	☐ Procedemento I, para adxudicación directa de contratos para necesidades puntuais ou esporádicas dos GALP. ☒ Procedemento II, para gastos derivados de necesidades continuas dos GALP ou esporádicas con determinados valores estimados. ☐ Procedemento III, para gastos derivados de contratos suxeitos a regulación harmonizada.
Admisión de prórroga en execución	☐ Si ☒ Non
Admisión de prórroga do contrato	☒ Si ☐ Non
Admisión de subcontratación	☐ Si ☒ Non
Criterios de adxudicación	☒ Prezo ☐ Multicriterio
Idioma de presentación de ofertas	☒ Galego ☒ Castelán
Orzamento de licitación	2.800 € (IVE excluído)
Prazo de execución	12 meses
Financiamento	Esta contratación financíase nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA). <i>Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de agosto de 2021, polo que establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004.</i>

II. ELEMENTOS DO CONTRATO

1. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a prestación do servizo de “**Elaboración de informes por perito independente para proxectos informáticos presentados ao abeiro da EDLP do GALP7**” como entidade sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

2. PRAZO DE EXECUCIÓN

O período de prestación do servizo será **dun ano** a contar dende a formalización do contrato (previsiblemente xaneiro de 2024).

Admítase prórroga do contrato.

A prórroga será anual e obrigatoria para o contratista se o aviso previo por parte do GALP7 se fai cunha antelación mínima dun mes á data de remate do contrato. En ningún caso o contrato poderá prorrogarse mais alá do 31 de decembro de 2026.

3. CAPACIDADE E SOLVENCIA ECONÓMICA E TÉCNICA DA ENTIDADE LICITANTE

3.1 SOLVENCIA ECONÓMICA E TÉCNICA FINANCEIRA

As entidades licitadoras terán que presentar unha declaración responsable asinada de que contan coa solvencia económico-financeira e técnico-profesional esixida para este contrato.

A empresa adxudicataria deberá presentar a documentación que acredite o seguinte:

- a) Personalidade e capacidade de obrar: escritura de constitución e de modificación.
- b) Representación: acreditación da representación.
- c) Alta no imposto de actividades económicas
- d) Solvencia económica financeira: Declaración volume de negocios do último exercicio fiscal. Requisito mínimo de solvencia: Volume anual de negocios do licitante referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos, por un importe igual ou superior ao valor anual estimado do contrato (2.800€)
Acreditación: A través da presentación das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se a entidade licitante estivese inscrita no devandito rexistro e, en caso contrario, polas contas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Aquelas persoas licitantes non inscritas no rexistro, acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil e no seu caso dos libros exixidos pola normativa de aplicación, que acrediten a facturación ou volume anual de negocios.
No caso de persoas ou entidades licitantes cuxo período de actividades non abrangue os tres últimos exercicios, é necesarios presentar a cifra de negocios do período de actividades da persoa ou entidade licitante, que deberá ser superior en todo caso á contía referida
- e) Xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación ou na invitación para participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, na súa falta, ao establecido

reglamentariamente. Requisito mínimo de solvencia: Seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por un importe igual ou superior ao valor anual estimado do contrato (2.800 €).

- f) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo os tres últimos anos, na que se indique a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este.
- g) Calquera outro documento acreditativo da súa aptitude para contratar que reclame o órgano de contratación.

3.2 SOLVENCIA TÉCNICA E PROFESIONAL

A **solvencia técnica ou profesional** acreditarase polo seguinte medio:

- *Indicación do **persoal técnico** participantes directamente na execución do contrato.*

Requisito mínimo de solvencia: O equipo mínimo que deberá destinar o adxudicatario para a prestación do servizo indicado e garantir a correcta execución do contrato será de, como mínimo, dun **profesional**, que deberán contar con algún dos seguintes perfís :

Titulación en Ciencias Informáticas ou equivalente .

Acreditación: A documentación acreditativa será a través da presentación dos **títulos académicos** e **contrato de traballo** que vincule aos profesionais coa persoa ou entidade licitante.

4. DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLAS PERSOAS OU ENTIDADES LICITANTES

- Declaración responsable da representación da entidade licitante; de dispor de solvencia económica, financeira e técnica; de contar coas autorizacións necesarias para o exercicio da súa actividade; de non estar implicado na prohibición de contratar nin na prohibición de percibir subvencións públicas e de non presentar ningunha outra oferta mediante empresa vinculada (**Anexo II**).
- Declaración xurada de cumprimento de requisitos por parte do licitador (**Anexo III**).
- Oferta económica (**Anexo IV**)
- Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo os tres últimos anos, na que se indique a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este

5. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO DE LICITACIÓN

O orzamento de licitación para o servizo requirido ascende a un total de 3.388 € (IVE incluído), correspondente a unha base impositiva de 2.800 € e 588 € de IVE (21%).

Valor estimado total	8.400€
Orzamento base de licitación (sen IVE)	2.800,00 € (anual)
IVE (21%)	588,00 €
Orzamento base de licitación (con IVE)	3.388,00 €
Financiamento	Esta contratación financíase polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)

	ORZAMENTO BASE LICITACIÓN	1ª prórroga	2ª prórroga	TOTAL BASE LICITACIÓN
	Xaneiro 2024	xaneiro 2025	xaneiro 2026	
Orzamento (IVE excluído)	2.800,00 €	2.800,00 €	2.800,00 €	8.400,00 €
IVE	588,00 €	588,00 €	588,00 €	1.764,00 €
Orzamento(IVE incluído)	3.388,00 €	3.388,00 €	3.388,00 €	10.164,00 €

**IMPORTANTE: Ante a imposibilidade de prever o número de proxectos tecnolóxicos ou informáticos con custo superior a 10.000 € que se presentarán por convocatoria, estes orzamentos están calculados para o informe de 10 proxectos ao ano (280 €/proxecto + IVE) En caso de superar este número, minorarase o prezo dos informes dos mesmos, non podendo superar o orzamento total anual os 2.800 € + IVE.*

III. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

6. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

O contrato de servizos adxudicarase seguindo o Punto II da Instrución 1/2023 sobre os procedementos de contratación dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro.

7. MEDIOS E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

O prazo máximo para a presentación de ofertas é de **5 días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil do contratante do GALP Ría de Vigo A Guarda . A data de publicación da oferta é o día **19 de xaneiro de 2024**

Presentarase por correo certificado (Avda. Beiramar 49, 3º, oficina 5, Vigo C.P.36202), acreditando a data de envío pola oficina de correos, sendo preceptivo o envío do xustificante de presentación por correo electrónico á dirección galp.mar.riadevigoaguarda@xunta.gal dentro do prazo de presentación de ofertas sinalado neste mesmo apartado.

8. FORMA DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

A documentación presentarase en dous sobres pechados que deberán estar perfectamente identificados no seu exterior :

- SOBRE A _Documentación xeral [INSERTAR NOME DA ENTIDADE LICITANTE].
- SOBRE C _Criterios avaliados de xeito automático [INSERTAR NOME DA ENTIDADE LICITANTE].

A documentación que se incluírá en cada sobre será :

- **SOBRE A: “Documentación xeral”**

Neste sobre A incluírase :

1. Declaración responsable do licitador (anexo II)
2. Declaración xurada de cumprimento de requisitos por parte do licitador (anexo III)
3. Documentación de solvencia económica e financeira (punto 3.1)
4. Documentación de solvencia técnica e profesional (punto 3.2)
5. **Certificado de estar ao corrente do pago das obrigas tributarias e Seguridade Social.**
6. Declaración de que non incorre en ningunha **prohibición de percibir subvencións públicas** pola normativa vixente.

- **SOBRE C: “Criterios avaliables de xeito automático”**

Nese sobre C incluírase:

1. **Oferta económica** (anexo IV)
2. Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo os tres últimos anos, na que se indique a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante **certificados expedidos ou visados polo órgano competente**, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este.

As ofertas presentadas, e toda a documentación preceptiva, deberán vir **asinadas** pola persoa licitante ou representante legal da entidade licitante.

A inclusión no SOBRE A de calquera información relativa ás características do contrato ou da oferta económica, será causa de exclusión do procedemento de licitación da persoa ou entidade licitante.

9. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato do servizo será para a oferta economicamente mais vantaxosa que presente unha **mellor relación calidade-prezo**, atendendo aos seguintes criterios de adxudicación:

CRITERIOS AVALIABLES DE XEITO AUTOMÁTICO

Criterio	Puntuación
Prezo (máximo 80 puntos)	80 %
Experiencia en traballar para entidades que xestionan Fondos Europeos relacionados coa pesca: IFOP, FEP, FEMP, FEMPA: 1 punto por cada ano (máximo de 20 puntos)	20%

➤ **Oferta económica: 80 puntos** (puntuación máxima)

Darase a máxima puntuación á oferta económica mais baixa das admitidas, e que non incorra en baixa temeraria. As restantes ofertas acadarán a puntuación que lles corresponda de acordo coa seguinte fórmula:

$$Pi = XX \frac{(OL - Oi)}{(OL - OB)}$$

Pi = Puntuación da oferta a valorar

XX = Puntuación máxima do criterio

OL = Orzamento de licitación (sen IVE)

OB = Oferta mais baixa das presentadas (sen IVE)

Oi = Oferta a valorar (sen IVE)

➤ **Experiencia en traballar para entidades que xestionan Fondos Europeos relacionados coa pesca (IFOP, FEP, FEMP, FEMPA): 1 punto por cada ano (máximo de 20 puntos)**

CRITERIOS DE DESEMPATE

O empate entre varias ofertas logo da aplicación dos criterios de adxudicación, resolverase mediante a aplicación, por orde ata acadar o desempate, dos seguintes criterios, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación das ofertas:

- 1) Maior porcentaxe de persoas traballadoras con discapacidade ou en situación de exclusión social no cadro de persoal, primando, en caso de igualdade, o maior número de persoas traballadoras fixas en inclusión no cadro de persoal.
- 2) Maior porcentaxe de mulleres empregadas no cadro de persoal.
- 3) Menor porcentaxe de contratos temporais no cadro de persoal.
- 4) O sorteo, en caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dea lugar a desempate.

CRITERIOS DE BAIXA TEMERARIA

Unha oferta económica considerárase anormalmente baixa e, por tanto, incorrerá en baixa temeraria cando a súa proposta económica sexa inferior ao orzamento de licitación en mais de **20 unidades porcentuais**.

10. APERTURA DE PROPOSICIÓNS E PROPOSTA DE ADXUDACIÓN

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Comisión de contratación reunirse en sesión privada para a revisión da documentación relativa ao **SOBRE A**, dando conta das proposicións presentadas e, ante defectos ou omisións que poidan ser emendados, comunicarao ás persoas ou entidades licitantes interesadas, concedendo un prazo de **3 días hábiles** para a súa corrección.



A Comisión de contratación, unha vez cualificada a documentación do **SOBRE A** e realizadas as correccións oportunas, no seu caso, adoptará o acordo de admisión definitiva das persoas ou entidades licitantes, especificando as causas de exclusión, se as houbese.

A continuación procederase no lugar, día e hora sinalados no anuncio de licitación ou no portal web <https://galp.xunta.gal/ria-de-vigo-a-guarda/licitacions> á apertura, en acto público, do **SOBRE C**.

Descrición: Apertura pública.

Lugar: Avda. Beiramar, 49, 3º, oficina 5 Vigo .

Atendendo a puntuación obtida segundo os criterios de adxudicación, a Comisión de contratación emitirá a proposta de contratación a favor da persoa ou entidade licitante coa puntuación mais alta, a cal presenta a mellor oferta de acordo cos criterios de adxudicación (oferta economicamente mais vantaxosa).

A proposta de adxudicación do contrato de servizos será posta en coñecemento e darase publicidade a través da web do GALP7; <https://galp.xunta.gal/ria-de-vigo-a-guarda/licitacions>

O procedemento finalizará coa formalización do contrato

11. CONDICIÓN E FORMA DE PAGO

O pagamento realizarase ao remate dos servizos, sempre que o GALP7 conte con crédito dispoñible.

12. CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO

O incumprimento das actuacións previstas no punto 3 do prego de prescricións técnicas serán causa de resolución do contrato.

IV. ANEXOS

ANEXO II. A) DECLARACIÓN RESPONSABLE DO LICITADOR

(A incluír no SOBRE A)

D _____ con DNI número _____ en representación de _____ con CIF número _____ con domicilio social _____ teléfono _____ correo electrónico _____ aos efectos de notificación.

DECLARA en representación da empresa¹

Primeiro.- Que a empresa conta coa capacidade e habilitación profesional necesaria para executar as prestacións obxecto do contrato, as cales se encadran no obxecto social da empresa.

Segundo.- **Non estar incurso nas prohibicións de contratar** establecidas polo artigo 71 da LCSP, en concreto, **estar ao corrente do pago das obrigas tributarias e Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Tampouco incorre en ningunha **prohibición de percibir subvencións públicas** pola normativa vixente.

Terceiro.- Non presenta ningunha outra oferta para esta contratación mediante empresa vinculada segundo o artigo 42.1 do Código de Comercio, aprobado mediante Real Decreto de 22 de Agosto de 1885.

Cuarto.- Sométese á xurisdición española polas continxencias que puidesen xurdir do contrato.

Quinto.- A dirección de correo electrónico para a recepción de notificacións é _____.

Sexto.- Comprométese a acreditar, ante o GALP, a posesión e validez da documentación necesaria para probar o declarado.

E para que conste, asino a presente declaración.

En _____ a _____ de _____ 2023

Data e sinatura dixital do licitador

¹Persoa física(traballe por conta propia ou allea) ou persoa xurídica.



ANEXO III. DECLARACIÓN XURADA DE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS POR PARTE DO LICITADOR

(A incluír no sobre A)

D. _____ con DNI número _____ como representante da entidade
_____ con NIF número _____ con domicilio social _____ teléfono _____
correo electrónico _____ aos efectos de notificación.

DECLARA

Primeiro.- Que a empresa cumpre cos requisitos establecidos nos pregos de prescricións técnicas e administrativas para a licitación de **“Elaboración de informes por perito independente para proxectos informáticos presentados ao abeiro da EDLP do GALP7”** para o GALP Ría de Vigo – A Guarda.

Segundo.-Comprométese a acreditar, ante o GALP, a posesión e validez da documentación necesaria para probar o declarado, tal e como se indica nos pregos técnicos e administrativos.

Terceiro.- Esta declaración xurada será incorporada no **Sobre A** da oferta presentada para a licitación.

E para que conste, asino a presente declaración xurada.

En _____ a _____ de _____ 202X

Data e sinatura dixital do licitador



ANEXO IV. MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

(A incluír no sobre C)

D./a con DNI nº actuando en nome e representación da empresa con CIF nº e domicilio en CP localidade de Provincia de , en relación ao procedemento de licitación do contrato de servizo **“Elaboración de informes por perito independente para proxectos informáticos presentados ao abeiro da EDLP do GALP7”**, presento a seguinte oferta:

A) OFERTA ECONOMICA:

Orzamento base de licitación (sen IVE)	
IVE (21%)	
TOTAL (Orzamento base de licitación con IVE)	

B) Que coñezo e acepto as condicións que rexen esta contratación, comprometéndome a executar o obxecto do contrato polo prezo arriba indicado (punto A)

Lugar e data

Sinatura dixital do/a licitador/a



PREGO DE PRESCRIPCIÓN TÉCNICAS (PPT)

1. CONTEXTO – XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Vigo – A Guarda (GALP7), é unha entidade colaboradora da Consellería do Mar, para a xestión do Programa FEMPA 2021-2027, segundo convenio subscrito o día 2 de xaneiro de 2023.

O presente contrato ten por obxecto a contratación dun servizo de **“Elaboración de informes por perito independente para proxectos informáticos presentados ao abeiro da EDLP do GALP7”**

Trátase dunha necesidade continua que se pretende satisfacer, por ese motivo emprégase o procedemento para gastos derivados de necesidades continuas. Non se produce fraccionamento de contrato, e non se divide en lotes atendendo á natureza e obxecto do contrato.

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Vigo – A Guarda, carece de persoal suficiente en número e titulación, para dar cobertura ás necesidades de servizo de **“Elaboración de informes por perito independente para proxectos informáticos presentados ao abeiro da EDLP do GALP7”**, para poder cumprir correctamente coas funcións e obrigas acordadas no convenio de colaboración asinado coa Consellería do Mar o 2 de xaneiro de 2023, razón pola que debe procederse á contratación dun servizo externo para dar cobertura a tal necesidade.

2. CARACTERÍSTICAS DA PRESTACIÓN A REALIZAR

O obxecto do contrato é a prestación do servizo de **“Elaboración de informes por perito independente para proxectos informáticos presentados ao abeiro da EDLP do GALP7”** como entidade sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

3. FINALIDADES E OBXECTIVOS A ALCANZAR

O servizo estará centrado na confección e preparación de toda a documentación precisa para valoración dos proxectos **informáticos** que se presenten en cada convocatoria de axudas do período FEMPA, segundo se establece na orde de axudas que rexerá o procedemento.

Os perito informático presentará os seguintes informes :

- Valoración previa de todos os proxectos **informáticos** presentados en cada convocatoria cun orzamento total de execución superior a 10.000€.
- Valoración do proxecto executado no caso de proxectos **informáticos** con orzamento total de execución superior a 10.000 € na fase de xustificación.

A entidade contratada remitirá toda a documentación ao GALP, sen prexuízo das aclaracións posteriores solicitadas pola Consellería do Mar. Os informes deberán remitirse con suficiente antelación aos prazos marcados pola Consellería do Mar para poder realizar a súa revisión e ratificación e non máis tarde dos 5 días anteriores á realización da Xunta Directiva de valoración de proxectos salvo nos casos excepcionais nos que non se dispoña da documentación requirida nesa data.

Observacións: Non obstante ó anterior, en función das instrucións da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, poderá minorarse ou aumentarse o seu obxecto, prezo e condicións da prestación, así como a determinación do prazo de entrega, unilateralmente polo GALP mediante a sinatura da oportuna adaptacións das condicións.

A entrega de toda a documentación farase en **copia dixital**; en formato editable (Word, ou o que corresponda, sempre que sexa posible) e en formato PDF.

4. FUNCÍONS E OBRIGAS DA ENTIDADE ADXUDICATARIA

A entidade adxudicataria ten as seguintes funcións e obrigas:

- Deberá realizar correctamente as tarefas descritas no punto 3 dos pregos técnicos
- Queda obrigada a destinar os medios persoais e técnicos necesarios para a correcta execución do servizo e para as finalidades previstas nas presentes prescricións técnicas.
- Non tratará nin aplicará os datos postos a súa disposición por parte do GALP Ría de Vigo – A Guarda para a execución do servizo para finalidade diferente á relativa ao obxecto do contrato, nin os comunicará a terceiras persoas, debendo cumprir o conxunto de normas previstas ao efecto, respondendo das infraccións en que, no seu caso, se incorra.
- Non poderá ceder nin traspasar o servizo a terceiros sen a autorización expresa do GALP Ría de Vigo – A Guarda. A infracción desta obriga producirá a resolución do contrato.

5. PRAZO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

O período de prestación do servizo será de un ano a contar dende a formalización do contrato (previsiblemente xaneiro de 2024)

Non se admiten prórrogas no prazo de execución do servizo.

Admítese prórroga do contrato.

A prórroga será anual e obrigatoria para o contratista se o aviso previo se fai cunha antelación mínima dun mes á data de remate do contrato. En ningún caso o contrato poderá prorrogarse mais alá do 31 de decembro de 2026.

As entregas veñen recollidas na información das actuacións a desenvolver e estarán condicionadas polo que dispoña a normativa vixente e as instrucións da Consellería do Mar.

Vigo, 18 de xaneiro de 2024.